

Segundo.—Someter a información pública o expediente por prazo de un mes mediante a publicación de anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, "Boletín Oficial" da Provincia, Taboleiro de Edictos do Concello, na páxina web WWW.pontevedra.eu e en dous xomais de maior difusión na Provincia, computándose o momento inicial do prazo de alegacións, dende o día seguinte ao da publicación do primeiro anuncio e ata o transcurso do prazo de un mes a contar desde a última das publicacións referidas, a efectos de que durante dito período, poidan formularse as alegacións e suxestións pertinentes, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría Xeral, e con notificación individual á entidade mercantil "CONSTRUCUATRO S.A.", dona Esperanza Carballido Abal e don Juan Antonio Pazos Montes e demais interesados e posibles propietarios afectados, notificación que se fará por medio de anuncios no Taboleiro de edictos do Concello e BOP cando sexan descoñecidos, se ignore o lugar de notificación ou tentada esta non se puidera practicar".

O que se fai público para xeral coñecemento significándose que calquera interesado poderá examinar no Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico deste Concello (Rúa Churruchaos nº 2 desta cidade) a documentación inicialmente aprobada, e formular as alegacións que coïda pertinentes.

Pontevedra, a 21 de novembro de 2008.—A Tte. Alcalde Delegada da Área de Urbanismo, María Teresa Casal García.—O Secretario Xeral do Pleno, por acumulación de funcións, José Luis Mato Rodríguez. **2008012583**

Anuncio aprobación definitiva

Aprobado inicialmente por acordo do Pleno deste Concello, na súa sesión do 19.09.2008, a Ordenanza que se sinala, e non téndose presentado alegacións no prazo conferido ao efecto, enténdese elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora provisional, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Polo tanto, e segundo o art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE PRESTACIÓNS SOCIAIS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL NOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

FUNDAMENTACIÓN

A Constitución Española, no seu artigo 39, fai constar a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, por outra banda nos artigos 41, 139.1 e 149.1.1 se recolle a necesidade duns servizos sociais que faciliten a promoción e o desenvolvemento pleno dun xeito real e efectivo de tódalas persoas e grupos dentro da sociedade, previndo os obstáculos e eliminando as causas que dificultan o impiden a participación plena de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social. En concreto, a Constitución Española establece que "os poderes públicos... aseguran a protección social, económica e xurídica da familia", así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves o urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares"

A Constitución atribúe a competencia nesta materia, a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades Autónomas, que no marco dos seus estatuto teñen promulgado as Leis de Servizos Sociais .(En Galiza Lei 4/1993, do 14 de abril).

A Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais, no artigo 21 atribúelles aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión de servizos sociais de atención primaria. E no artigo 50, determina que as administracións poderán conceder

nas condicións que legal e regulamentariamente se establezan, prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade, marxinación social, necesidade material, etc...

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social da familia, establece como un dos principios reitores da actuación dos poderes públicos, o de desenvolver unha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas, tales como a vivenda, a educación, a cultura e o traballo, aplicando para a consecución destes fins medidas preventivas e paliativas. No seu artigo 5, atribúe competencias aos concellos en materia de protección á familia, infancia e a adolescencia, para o que es concellos actuarán directamente no ámbito familiar achegando recursos e prestacións ás familias que presenten aspectos carenciais

Neste marco xurídico e no exercicio do dereito das persoas a recibir apoios personalizados, que implican a detección e análise de necesidades e demandas, diagnóstico e valoración técnica de situacións, necesidades e problemas das persoas e xestión e seguimento das prestacións económicas de emerxencia social, corresponde exercitalo aos cidadáns ao nivel dos Servizos Sociais de Atención Primaria, que neste Concello leva a cabo dende o Centro de Benestar Social da Área de Benestar Social.

Aprobada e sancionada la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións que entrou en vigor o 18 de febreiro de 2004, este tipo de axudas económicas pasan a encadrarse, dentro do espírito e marco xeral da Lei, no concepto de subvención, de acordo co establecido no seu artigo 2 e concordantes. Sendo un dos principios fundamentais desta Lei, inspirados nos da Lei de Estabilidade Presupostaria, o de a transparencia, que redundará nun incremento da eficiencia e eficacia deste tipo de gasto público, facilitando a complementariedade e coherencia das actuación das distintas Administracións Públicas.

Co fin de evitar calquera tipo de solapamento, faise necesario regular -de acordo coa devandita Lei- un sistema de concesión das axudas sociais ás que o Concello está obrigado a proporcionar aos cidadáns en situacións máis desfavorecidas

Aínda que na mesma Lei establécese como réxime xeral de concesión o de concorrencia competitiva, a propia Lei fai unhas mínimas excepción a este requisito no seu artigo 22.2b), expresando que poderán concederse de forma directa as subvenciones cando o outorgamento ou contía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal, debendo estas subvencions seguir o procedemento de concesión que resulte da aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Correspóndelle ao Concello de Pontevedra a concesión de prestacións económicas individuais temporais de emerxencia social e outras que teñan por obxecto a integración persoal, por imperativo da Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais.

Tendo en conta todo a fundamentación exposta, é necesario regular as prestacións sociais de carácter económico para situacións de especial necesidade individual e/ou familiar outorgadas polos Servizos Sociais do Concello de Pontevedra.

En todo caso, este tipo de axudas económicas débense conceder unicamente seguindo os criterios xerais establecidos nesta Ordenanza, e, tal como se ven facendo na actualidade, mediante unha valoración profesional que teña en conta os seguintes aspectos: a tipoloxía do problema ou necesidade social a cubrir; a pertinencia da axuda económica para dar resposta á demanda ou necesidade, o seu grao de urxencia, a non existencia doutros medios ou recursos para solucionarla, a prevención de situacións de risco o desprotección para menores, a prevención de situacións de risco e/o desprotección para persoas maiores e evitar deterioro de situacións persoais que poidan abocar en procesos de exclusión social.

Por todo elo, e tendo en conta a necesidade de lograr respostas e solucións axeitadas ás diversas necesidades das persoas, sen menoscabo na necesaria homoxeneización da atención, de xeito que todo cidadán teña os mesmos dereitos ante as mesmas situacións de necesidade, independentemente do lugar de residencia, faise necesario que a organización, as normas de funcionamento e de xestión de estas prestacións se realice cos mesmos criterios en todos e cada unha das Unidades de Traballo de Traballo Social que configuran o Centro de Benestar Social do Concello de Pontevedra.

As prestacións que emanan da presente Ordenanza constitúen un recurso dentro do traballo social orientado a la promoción das persoas e das familias. Estas axudas económicas dos servizos sociais deben e teñen que ser consideradas como un instrumento e non como un fin en si mesmas, debendo servir de recurso para facilitar a integración social dos cidadáns que sofren mais carencias.

NORMAS

ARTIGO 1.—CONCEPTO

Considéranse axudas de emerxencia social, para os efectos da presente ordenanza, aquelas prestacións económicas de pago único, de carácter extraordinario e finalista, destinadas a resolver as situacións de emerxencia que afecten a persoas ou familias ás que sobreveñan situacións de necesidade ao vérense privadas dos medios de vida primarios e imprescindíbeis. A súa finalidade será dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan.

A necesidade de dar resposta económica á emerxencia das situacións, pode esixir o pago urxente da axuda, xa que de non realizarse inmediatamente pode resultar ineficaz a concesión. A apreciación ou non da urxencia terá que constar na proposta e resolución do expediente.

Dado o réxime normativo e as atencións as que responden as axudas económicas obxecto da Ordenanza serán sempre temporais para paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por situación de emerxencia e terán que estar necesariamente incardinadas a un proceso de intervención social, que inclúa unha análise completa da situación individual e familiar.

ARTIGO 2.—BENEFICIARIOS/AS

1. Poderán beneficiarse das axudas de emerxencia social, persoas individuais ou unidades familiares, entendéndose por unidade familiar o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co/a solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo grao. Malia o anterior, cando nunha mesma unidade de convivencia, existan unha ou mais unidades familiares con menores ao seu cargo, considérase que cada unha delas constitúen unha unidade de familiar independente.
2. Nunha unidade familiar un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria das axudas, aínda que se lle outorguen en beneficio da unidade familiar.
3. Son titulares do dereito ás prestacións económicas, ata o momento e nos límites económicos que o permitan as consignacións presupostarías acordadas para ditas prestacións, os/as veciños/as que reúnan os requisitos esixibles e cumpra co establecido na presente ordenanza.

ARTIGO 3.—REQUISITOS

1. Ser maior de idade ou menor emancipado/a.
2. Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva no concello de Pontevedra cunha antelación mínima de 6 meses no momento da solicitude. Exímense deste requisito os/as solicitantes acollidos/as nun recurso de aloxamento institucional e transeúntes que se atopen en situación de extrema urxencia.
3. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido no artigo 6º da presente convocatoria.
4. Os/as beneficiarios/as quedarán exonerados/as de acreditación de estaren ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

ARTIGO 4.—RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

- 1) Estas axudas serán incompatíbeis con calquera outra prestación pública, dereito á percepción económica ou

nos informes pertinentes, sen que a suma de todas elas supere o importe do custo da necesidade a cubrir.

- 2) Non se poderá conceder ao/s beneficiario/s e/ou beneficiaria/a máis dunha axuda para situacións de emerxencia social ao ano cando teña a mesma finalidade, excepto naqueles casos que sexa considerado oportuno en virtude da gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida nos informes pertinentes.

ARTIGO 5.—OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Os/As beneficiarios/as das axudas ou no seu caso os seus representantes legais estarán obrigados a:

- a) Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foron outorgadas.
- b) Permitir e facilitar o labor ás persoas designadas para verificar a situación económica e familiar, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.
- c) Ao cumprimento das condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións ao titular para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.
- d) Non exercer a mendicidade, nin inducir a súa práctica aos membros da unidade familiar.
- e) Escolarizar os/as menores ao seu cargo, que se atopen en idade escolar obrigatoria.
- f) Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade.

Ditas obrigas serán comunicadas ao posíbel beneficiario/a no momento de comunicarlle a resolución no ANEXO III, que deberá ser asinando polo beneficiario en proba de telas recibidas e de obriga de cumprimento.

ARTIGO 6.—NIVEIS DE RENDA MÁXIMA DA UNIDADE FAMILIAR PARA ACCEDEER ÁS AXUDAS

En ningún caso os ingresos mensuais da unidade familiar poderán superar o salario mínimo interprofesional vixente incrementado nun 10% por cada membro desta. No suposto de formar parte da unidade familiar un menor, unha persoa con discapacidade ou persoa maior dependente da unidade familiar, o incremento será do 20% por cada un deles.

ARTIGO 7.—DETERMINACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS

Para determinar os ingresos a partir dos cales procede o recoñecemento das axudas, terase en conta os ingresos de toda a unidade familiar:

- a) Computaranse como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outro título, nos 6 meses anteriores á data de solicitude; terase en conta a última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, cando esta non proceda ou non sexa obrigatoria realizala acreditáranse os ingresos por certificacións dos organismos correspondentes e no seu defecto declaración xurada.
- b) Cando se teña calquera dereito persoal ou real sobre bens mobles ou inmobles, susceptíbeis de producir rendementos económicos, terán a consideración de ingresos as rendas netas daqueles que efectivamente se perciban. De non existir rendementos efectivos, determinarase de conformidade co establecido nas normas reguladoras da renda das persoas físicas, con excepción da vivenda de uso propio.
- c) Para o cálculo dos rendementos de traballo deduciranse dos ingresos brutos da unidade familiar o importe das cotizacións satisfeitas á seguridade social, as cantidades aboadas por dereitos pasivos e mutualidades de carácter obrigatorio.

ARTIGO 8.—GASTOS SUSCEPTÍBEIS DE AXUDA

As axudas de emerxencia social recoñécense para ser aplicadas aos gastos orixinados pola seguintes situacións de necesidade:

- a) Dificultade de continuar no uso e goce da vivenda habitual e de xeito particular para afrontar os gastos que permitan o dereito ao uso da mesma, como o pago de alugueiro, pago de fianza e primeira mensuralidade para alugueiro da vivenda e pago de gastos de comunidade e necesidades orixinadas polo desaloxo da vivenda habitual.
- b) Carencia de medios económicos para conservar as condicións de habitabilidade ou para adquirir o equipamento da vivenda habitual, como traslado de mobles, efectos, luz, gas, acometida da auga; mobiliario básico (camas, mesas, cadeiras, etc.); electrodomésticos (frigorífico, lavadora, cociña, etc.); acondicionamento sanitario (ducha, baño, etc.) e reparacións e/ou reformas en xeral.
- c) As necesidades consistentes en cubrir con carácter urxente as atencións primarias do/a beneficiario/a ou da unidade familiar como: alimentación, vestido, cuidados sanitarios, próteses, axudas técnicas, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección.
- d) Situacións de necesidade orixinadas por circunstancias que poñen en perigo a convivencia familiar ou a integración social do/s beneficiario/s e/ou beneficiaria/s e que non están comprendidas nos supostos anteriores, nin cubertas por outras prestacións, como: garderías e centros de día (excepcionalmente), participación en actividades de integración social, así como o seu desprazamento ás mesmas (colonias, campamentos, cotas de alta en asociacións, etc.) Imposibilidade de atender o endebedamento contraído por algunha das situacións anteriormente descritas.

ARTIGO 9.—ORZAMENTO

A dispoñibilidade orzamentaria destas axudas virá dada polo establecido no orzamentos municipal anual, na partida consignada a tal efecto.

Tendo en conta o carácter aberto da convocatoria e o carácter mensual de resolución das devanditas axudas, establece unha doceava parte do total do orzamento anual dispoñible, para cada un dos períodos de resolución. Procedéndose a trasladar a contía non aplicada nun período ao período seguinte de resolución.

ARTIGO 10.—CONTÍA DAS AXUDAS

O importe das axudas modularase atendendo ao concepto concreto da necesidade, á consecución do obxectivo de satisfacer ou axudar a cubrir a necesidade, ao gasto necesario para satisfacela, á situación socioeconómica do/a solicitante. A axuda poderá cubrir o gasto total da necesidade, cando así sexa avaliado pola traballadora social que o fará constar no informe social. En xeral os importes máximos serán:

- a) O máximo anual que se poderá conceder por unidade familiar, por varios conceptos, será ó 50% do salario mínimo interprofesional vixente en cómputo anual.
- b) Por un só concepto, o máximo anual que se poderá conceder será do 75% do límite fixado na letra anterior.
- c) Nos supostos de excepcional gravidade, a/o delegada/o da Área de Benestar Social poderá propor incrementar estas axudas ata o límite que considere necesario, para atender convenientemente a necesidade sobrevida, sempre que estea debidamente xustificado e avaliado no Informe do/a Traballador/a Social.

ARTIGO 11.—LUGAR, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes xunto coa documentación esixida presentárase no Rexistro municipal, segundo o modelo que se xunta (anexo 1), asinando autorización e consentimento para recadar os documentos que obren nos seus servizos, así como a información adicional que se considere necesaria para a completar

o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través de calquera dos medios previstos na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes que se presenten se dirixirán á Alcaldía do Concello de Pontevedra, para o seu trasladado á Área de Benestar Social.

O prazo de petición manterase permanentemente aberto, suxeito, en todo caso, á existencia de consignación orzamentaria para facer fronte ao custo das axudas en cada un dos exercicios orzamentarios.

Xunto coas solicitudes achegarase a seguinte documentación (en orixinal e copia) de todos os membros da familia:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou tarxeta de identificación de estranxeiro/a relativa a súa residencia legal en España.
- b) Fotocopia do libro de familia ou documentos acreditativos de acollemento ou tutela.
- c) Certificado do Padrón municipal de habitantes conforme á residencia e convivencia.
- d) Fotocopia da declaración do I.R.P.F. do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado/a a presentala, certificación negativa da Axencia Estatal de Administración Tributaria relativa aos membros da unidade familiar maiores de 16 anos.
- e) Certificación actual de haberes emitida pola empresa/s ou nóminas. No seu defecto achegarase xustificación de ingresos dos últimos 6 meses, de cada un dos compoñentes da unidade familiar maiores de 16 anos, tanto que os seus ingresos teñan carácter regular como irregular.
- f) Certificacións actuais de pensións, prestacións ou subsidios expedidos polos organismos correspondentes: INEM, Seguridade Social, Xunta de Galicia, de cada un dos compoñentes da unidade familiar.
- g) Nos casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, recadarase a declaración responsábel sobre eles (declaración xurada)
- h) Certificado de minusvalía se fose o caso.
- i) No suposto de que axuda solicitada teña como destino a realización de obras no fogar, esixírase con carácter preceptivo a incorporación no expediente dun informe técnico dos servizos municipais competentes referidos aos aspectos técnicos da mesma (viabilidade, orzamento, etc..)
- j) Informe médico acreditativo da dependencia das persoas maiores de 65 anos (se é o caso).
- k) Documentos, orixinais, acreditativos da situación de necesidade determinante da solicitude, así como o xustificante do seu custo. Presuposto detallado.
- l) Nas axudas que impliquen adecuación da vivenda, documento que acredite a propiedade ou alugueiro, e neste suposto a autorización do propietario.
- m) Número de conta bancaria ou documento de pago delegado (ANEXO II)

ARTIGO 12.—TRAMITACIÓN

A tramitación destas axudas realizárase dende os servizos sociais municipais de atención primaria, e a súa tramitación poderá seguir dous procedementos: ordinario e de urxencia.

Os/as traballadores/as sociais das UTSs, tendo en conta a situación do solicitante, o carácter da necesidade, así como a urxencia da resolución do problema que orixina a demanda de axuda de emerxencia social, deberán determinar o procedemento a seguir en cada caso, que deberá constar expresamente no Informe Social.

ARTIGO 13.—ÓRGANOS DE TRAMITACIÓN

Crearase unha comisión de Avaliación das axudas de emerxencia social, que estará formada polo/a xefe/a de Sección da

Oficina Técnica de Benestar Social, polo/a xefe/a do Servizo de Benestar Social e Educación e polo/a Director/a Xeral Benestar Social e Educación, polo/a Concelleiro/a delegado/a da Área de Benestar Social e por un representante de cada grupo político con representación no Concello, que se reunirá polo menos unha vez ao mes para avaliar os expedientes presentados e formular a proposta de resolución.

**ARTIGO 14.—PROCEDIMENTO ORDINARIO
PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS**

Tendo en conta o establecido no artigo 1º, a finalidade destas axudas de carácter temporal é para paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por unha situación de emerxencia, ademais terán que estar necesariamente incardinadas a un proceso de intervención social, que inclúa unha análise completa da situación individual e familiar. De acordo co exposto o procedemento para a concesión das mesmas, que iniciárase nas UTSs, é o seguinte:

1. O procedemento iniciárase a instancia do interesado mediante a presentación da solicitude (no modelo oficial ANEXO I), no Rexistro Xeral do Concello nos termos e forma sinaladas no artigo 11 da presente ordenanza,
2. O/A Xefe/a de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social recepcionará as solicitudes, que entregará as UTS que lle corresponda.
3. As/os Traballadoras/es Sociais das UTSs realizarán o estudo e valoración da petición e da situación familiar, que necesariamente incluírá a realización da Historia Social Familiar, Deseño de Intervención Social Personalizada e rexistro no SIUSS, así como a comprobación da documentación e requirimento da mesma, se fora necesario, mediante escrito asinado pola/o Xefe/a de Servizo segundo modelo ANEXO IV. O informe social do/a traballador/a social elaborárase por escrito, segundo o modelo que figura no ANEXO V no que se porá de manifesto, ademais da problemática, da demanda e dos recursos aplicados, se o/a solicitante cumpre os requisitos sinalados para percibir a axuda solicitada e, no seu caso, a contía da mesma, así como o procedemento a seguir: urxente ou ordinario.
4. A/O Xefe/a de Sección, unha vez incorporados aos expedientes os informes sociais das/os traballadoras/es sociais, poderá, se así o estima necesario, solicitar das UTSs a incorporación doutros informes: da policía local, dos servizos técnicos, e outros externos, que deberán evacuarse no prazo máximo de 10 días.
5. A/O Xefe/a de Sección mensualmente, manterá unha reunión técnica de traballo coas traballadoras sociais das UTSs para avaliación global das axudas solicitadas. E emitirá o correspondente informe técnico específico do conxunto das solicitudes presentadas, debendo constar que se axustan necesariamente aos criterios recollidos no artigo 16 da ordenanza.
6. A/O Xefe/a de Servizo, co informe técnico específico emitido pola/o Xefe/a de Sección, elaborará o informe-proposta inicial para a Comisión de Avaliación, que será definitivo de existir conformidade pola Comisión de Avaliación.
7. Resolución pola/o concelleira/o delegada/o de Benestar Social, concedendo o denegando a unha axuda económica solicitada.
8. Notificación ao solicitante, pola/o Xefe/a de Servizo da Resolución/Decreto que deberá efectuarse nun prazo máximo de 30 días naturais dende a data de resolución. En dita notificación deberá constar a aprobación ou denegación da axuda, e nos suposto de aprobación deberá constar a contía concedida, así como os medios de xustificación do gasto.
9. O pagamento ao beneficiario ou a entidade autorizada farase efectivo nun mes dende a data de resolución.
10. Xustificación das axudas segundo o establecido no artigo nº 17 deste ordenanza.

**ARTIGO 15.—PROCEDIMENTO DE URXENCIA
PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS**

A tramitación con carácter de urxente darase a aqueles casos especiais e con carácter excepcional, que precisan, a criterio do/a traballador/a social unha resolución inmediata.

O procedemento a seguir será o que se sinala a continuación:

1. Presentación da instancia solicitude coa documentación que pola traballadora social se estime necesaria.
2. Elaboración do informe do/a traballador/a social, avaliando a situación de necesidade e o carácter prioritario e urxente da concesión da axuda e contía, que deberá ser presentado á/o Xefe/a de Sección.
3. Estimación de si procede ou non a concesión do carácter de urxencia pola/o Xefe/a de Sección, que remitirá á/o Concelleira/o Delegada/o de Benestar Social.
4. A/O Concelleira/o delegada/o da Área de Benestar Social, a vista do informe social, e do visto e prace da/o Xefe/a de Sección, con carácter inmediato ditará unha providencia para darlle prioridade a tramitación do expediente, solicitando a boa disposición dos servizos implicados para unha inmediata resolución.
5. Informe do expediente pola/o Xefe/a de Servizo onde porá de manifesto o carácter de urxente, o cumprimento dos requisitos sinalados para percibir a axuda solicitada, a contía da mesma, así como os medios de xustificación do gasto. Dando o seu traslados os servizos da intervención municipal.
6. Pagamento da axuda nun prazo máximo de 72 horas.
7. Xustificación do gasto realizado con cargo a axuda concedida nun prazo non superior a 15 días, mediante facturas ou outros xustificantes que se estimen, segundo o establecido no artigo 17 desta ordenanza.

**ARTIGO 16.—CRITERIOS PARA A RESOLUCIÓN
DOS EXPEDIENTES**

Nas avaliacións dos expedientes se terán en conta criterios específicos. Para a aplicación dos criterios específicos se utilizará unha escala de valoración validada e estandarizada, que determinará a priorización na concesión en función dos puntos obtidos, que significarán a escala de necesidade estimada.

1. CRITERIOS ESPECÍFICOS

A ter en conta na emisión do Informe Social, onde se avaliarán as seguintes variables:

- 1.1. Tipoloxía familiar: (máximo 3 puntos)
 - 1.1.1. Familia extensa: 1 puntos
 - 1.1.2. Familiar nuclear: 2 puntos
 - 1.1.3. Familia monoparental: 3 puntos
- 1.2. Situación socio-familiar: Factores limitadores adicionais que afectan a algún dos membros da unidade familiar (máximo 5 puntos):
 - 1.2.1. familia desestructurada: 1 punto
 - 1.2.2. Existencia dalgúnha membro con discapacidade (física, psíquica ou sensorial) debidamente acreditada: 1 puntos
 - 1.2.3. Existencia dalgún membro da unidade familiar con problemas de adición (alcohol, drogas, e/ou outras adicións): 1 puntos
 - 1.2.4. Existencia dalgún membro da unidade familiar con enfermidade grave: 1 puntos.
 - 1.2.5. Ausencia do fogar de ámbolos dous membros parentais: 2 puntos.
- 1.3. Situación económica familiar: (máximo 3 puntos)

Supón unha avaliación dos ingresos de unidade familiar, tendo en conta a renda per cápita:

 - 1.3.1. Rendas per cápita igual ou superiores ao 100% do SMI: 0 puntos
 - 1.3.2. Rendas per cápita entre o 100% e o 75% do SMI: 1 puntos

- 1.3.3. Rendas per cápita entre o 75% e o 50% do SMI: 2 puntos
- 1.3.4. Rendas per cápita entre o 50% e o 25% do SMI: 3 puntos
- 1.3.5. Rendas per cápita entre o 25 % e o 10% do SMI: 4 puntos
- 1.3.6. Rendas per cápita inferiores ao 10 % do SMI: 5 puntos
- 1.4. Situación da vivenda: (máximo 3 puntos)
- 1.4.1. Tipoloxía da vivenda:
- 1.4.1.1. Vivenda en propiedade pagada: 0 puntos
- 1.4.1.2. Vivenda en propiedade pagándose: 1 punto
- 1.4.1.3. Vivenda en alugueiro: 2 puntos
- 1.4.1.4. Vivenda en precario: 3 puntos
- 1.5. Situación de risco e/ou exclusión social: (máximo 14 puntos)
- 1.5.1. Situacións de desatención dos fillos menores por parte dos proxenitores ou representantes legais: 2 puntos
- 1.5.2. Problemas conductuais nos menores que integran a unidade familiar: 2 puntos
- 1.5.3. Situacións carenciais que afecten aos adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos
- 1.5.4. Problemas de conducta desadaptada que afecten aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos
- 1.5.5. Situacións de violencia doméstica: 2 puntos
- 1.5.6. Familias que algún dos membros da unidade familiar esta en situación de desemprego: 2 puntos
- 1.5.7. Outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores: 2 puntos.
- 1.6. Familias en proceso de intervención social: (máximo 15 puntos)
- 1.6.1. Familias incluídas no Programa de Apoio Familias: 3 puntos
- 1.6.2. Familias incluídas no Programa de Promoción da Poboación Xitana: 3 puntos
- 1.6.3. Familias Beneficiarios da RISGA: 3 puntos
- 1.6.4. Familias que algún dos seus membros son usuario dos Programas de Inclusión Social: 3 puntos
- 1.6.5. Familias que algún dos seus membros é usuarios dos Programas de Maiores para a atención e/ou prevención da dependencia: 3 puntos
- 1.7. Outros datos de interese relacionados coa necesidade de axuda de emerxencia social:
Esta puntuación será a que resulta de considerar a posible concorrencia de determinadas circunstancias subxectivas dentro da unidade de convivencia, que deben ser avaliadas por canto poidan incidir no grao de necesidade, e que non quedan reflectidas nos criterios de avaliación sinalados con anterioridade.

Representa unha avaliación adicional feita polas/os Traballadoras/es Sociais dos servizos sociais de atención primaria do concello, que non pode exceder dos 10 puntos.

ARTIGO 17.—FORMA DE PAGO E XUSTIFICACIÓN DE GASTO

Procedemento ordinario:

- a) O importe da concesión librarase mediante pagamento único.
- b) Nos procedementos ordinarios efectuarase o pago de forma o máis axiña posíbel, sen que o prazo poida exceder de máis dun mes, dende a data de resolución.
- c) O libramento faráselle directamente ao/á beneficiario/a (pago directo) ou á persoa ou entidade que este/a autorice (anexo 2) (pago delegado) e o informe social así o apoie. Así mesmo este informe poderá suxerir que o pago da axuda se realiza co acompañamento de algún traba-

llador dos servizos sociais. Cabe a posibilidade de realizar un pago anticipado en situacións excepcionais, que deberá ser xustificado no informe social.

- d) A axuda xustificarase nun prazo de tres meses dende a notificación da concesión da axuda, e farase mediante facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que deberán ser presentadas nas UTSs (Unidades de Traballo Social), de modo que o destino dado á axuda corresponde coa finalidade para a que foi concedida. Nos casos de obras de adecuación das vivendas o prazo pódese ampliar outros tres meses.
- e) Os documentos orixinais acreditativos do gasto se deberán selar mediante o sistema de estampado no que se fará constar que ese gasto foi aplicado á subvención correspondente e indicando no mesmo o importe concedido.

Procedemento urxente:

- a) O importe da concesión librarase mediante pagamento único.
- b) O pago efectuarase dun xeito inmediato sen que o prazo poida exceder de 72 horas.
- c) O libramento faráselle directamente ao/á beneficiario/a (pago directo) ou á persoa ou entidade que este/a autorice (anexo 2) (pago delegado) sempre que o informe social así o apoie. Así mesmo este informe poderá suxerir que o pago da axuda se realice co acompañamento de algún traballador dos servizos sociais.
- d) A axuda xustificarase nun prazo non superior a 15 días e farase mediante facturas ou outros xustificantes, que deberán ser presentadas nas UTSs, tendo que axustarse ao fin para o que se outorgou.

A xustificación do gasto acreditarase polas facturas dos pagos e gastos realizados, que deberán cumprir os requisitos regulamentariamente establecidos o mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil o con eficacia administrativa.

Sen perxuízo do disposto no parágrafo anterior e ante determinadas situacións extremas que deberán quedar perfectamente definidas no correspondente expediente, ao perceptor da axuda non se lle requirirán os xustificantes do gasto polos medios determinados con carácter xeral citados.

ARTIGO 18.—SEGUIMENTO DAS AXUDAS

Serán os servizos sociais municipais os que fagan o seguimento das situacións de necesidade protexida polas axudas de emerxencia, así como o destino dado ás mesmas; e poderán solicitarlles aos/ás beneficiarios/as a información ou documentación necesaria para o exercizo de dita función de forma axeitada.

ARTIGO 19.—REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polo/a beneficiario/a da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento dunha nova solicitude por un período de 2 anos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Se faculta a Alcaldía ou ao órgano no que poida delegar para adoptalas disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da Ordenanza así como para ditar instrucións de aplicación con respecto a mesma.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Debido as situacións de especial necesidade e/ou emerxencia social obxecto desta Ordenanza, e sen prexuízo do disposto na súa Disposición Final, poderá ser aplicada anticipadamente dende o día seguinte a súa aprobación provisional polo Pleno Municipal

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Municipal Reguladora das Axudas de Emerxencia Social para o Concello de Pontevedra entrará

ANEXO I : SOLICITUDE

AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAIS Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Nº de		SELO DE ENTRADA	
DATA			
DATOS DO/A SOLICITANTE			
NOME		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
D.N.I	DATA NACEMENTO	ESTADO CIVIL	PROFESION
RUA/LUGAR	Nº/PISO	TELÉFONO	C.P.
LOCALIDADE		PROVINCIA	
MOTIVO DA SOLICITUDE			
TIPO DE AXUDA QUE SOLICITA			

O/A solicitante autoriza os servizos sociais municipais a recadar os documentos que obren noutros servizos municipais, as coma a información adicional que se considere necesaria para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes.
De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos incluídos nesta solicitude serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade da Entidade Local, para xestión de usuarios/as con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal, sen que estea prevista ningunha cesión de ditos datos Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderanse realizar nos termos previstos na citada Lei.

Pontevedra, ----- de ----- de -----
Asdo.:

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

ANEXO II : DELEGACIÓN DE PAGO

NOME, APELIDOS	
Nº EXPTE.	
IMPORTE CONCEDIDO	DESTINO
Eu D./Dª. _____, co D.N.I. núm. _____, autorizo a _____ con D.N.I./NIF. _____, a percibir a contía de _____ € en concepto de _____.	
Sinatura do/a solicitante da axuda	
DATOS BANCARIOS DO PROVEDOR OU EMPRESA AUTORIZADA	
DATOS PERSOAIS	
1º APELIDO: _____	2º APELIDO: _____
NOME: _____ ou razón social _____	
ENDEREZO: _____	
LOCALIDADE: _____	PROVINCIA: _____
CÓDIGO POSTAL: _____ DNI ou NIF Nº: _____	
NOME DA ENTIDADE FINANCEIRA: _____	
ENDEREZO DA AXENCIA: _____	
LOCALIDADE: _____ PROVINCIA: _____	
_____, ____ de ____ de 200 ____	
Sinatura e selo da persoa ou empresa autorizada	
DILIXENCIA DO/A AXENTE PAGADOR/A- Acéptase a elección formulada polo receptor ao que se refire o presente documento nos termos que nela figuran.	
Data, sinatura e selo do banco ou caixa.	
CLAVE BANCO □□□□ CLAVE SUC.□□□□ CONTA Nº □□□□□□□□□□□□	

*No caso de delegar o pago a máis dun provedor ou empresa, deberá cubrir un modelo para cada un deles

*No caso de axudas concedidas para arranxo de vivenda ou tratamento dental, non se fará efectiva a transferencia bancaria ata que se acredite certificación da empresa, da que se acompaña modelo, a realización da obra ou servizo.

ANEXO III: OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

A/o abaixo asinante, recoñezo estar informado das obrigas dos preceptores das axudas de emerxencia social, que segundo o artigo 5 da *Ordenanza Municipal Reguladora do procedemento de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social*, son as seguintes:

- a) Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foron outorgadas.
- b) Permitir e facilitar o labor ás persoas designadas para verificar a situación económica e familiar, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.
- c) Ao cumprimento das condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións ao titular para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.
- d) Non exercer a mendicidade, nin inducir a súa práctica aos membros da unidade familiar.
- e) Escolarizar os menores ao seu cargo que se atopen en idade escolar obrigatoria.
- f) Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade.

Como posible beneficiario das axudas de emerxencia social, comprométo-me a mprilas, asinando o presente documento como proba do manifestado no mesmo.

RECIBIDO E INFORMADO/A

Pontevedra, de de
O/A beneficiario/a ou representante legal

Asdo.: _____

ANEXO IV: REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

A través a presente comunicámoslle que a solicitude presentada por vostede carece dos documentos preceptuados na *Ordenanza Municipal Reguladora do procedemento de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social*, imprescindíbeis para a resolución da súa petición. Se no prazo de **dez días**, contados dende o seguinte ao da recepción da presente, non achegase os documentos sinalados cun X, procederase ao arquivo do expediente:

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou tarxeta de identificación de estranxeiro/a relativa a súa residencia legal en España.
- Fotocopia do libro de familia ou documentos acreditativos de acollemento ou tutela.
- Certificado do Padrón municipal de habitantes conforme á residencia e convivencia.
- Fotocopia da declaración do I.R.P.F. do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado/a a presentala, certificación negativa da Axencia Estatal de Administración Tributaria relativa aos membros da unidade familiar maiores de 16 anos.
- Certificación actual de haberes emitida pola empresa/s ou nóminas. No seu defecto achegarase xustificación de ingresos dos últimos 6 meses, de cada un dos compoñentes da unidade familiar maiores de 16 anos, tanto que os seus ingresos teñan carácter regular como irregular.
- Certificacións actuais de pensións, prestacións ou subsidios expedidos polos organismos correspondentes: INEM, Seguridade Social, Xunta de Galicia, de cada un dos compoñentes da unidade familiar.
- Xustificante municipal do Imposto sobre Bens Inmóveis.
- Xustificante municipal do imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Nos casos nos que non se poida acreditar documentalmente os ingresos da unidade familiar, recadarase declaración responsábel sobre eles (declaración xurada)
- Certificado de minusvalía se fose o caso.
- Informe médico acreditativo da dependencia das persoas maiores de 65 anos.
- Documentos, orixinais, acreditativos da situación de necesidade determinante da solicitude, así como o xustificante do seu custo. Presuposto detallado.
- Nas axudas que impliquen adecuación da vivenda, documento que acredite a propiedade ou alugueiro así como a autorización do propietario.
- Número de conta bancaria ou documento de pago delegado (ANEXO II)

Pontevedra, de de 200
A Xefa de Servizo
Asdo.:

Sr./a Don/a. - _____

ANEXO V : INFORME SOCIAL

En relación co expediente de solicitude de axuda de emerxencia social ao abeiro da Ordenanza Municipal Reguladora do procedemento de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social, presentado por don/a _____ con DNI nº _____ e tendo en conta a documentación aportada e os datos obrantes na Oficina Técnica de Benestar Social no expediente familiar núm.36/---/---/0- / _____, a Traballadora Social da UTS nº _____ dona _____, emito o seguinte Informe Social:

1.- DESCRIPCIÓN DA UNIDADE FAMILIAR E DE CONVIVENCIA.-

A Unidade familiar está formada polos seguintes membros :

Nº	APELIDOS E NOME	DATA NACE- MENTO	PAREN- TESTO	SITUACIÓN LABORAL/	INGRESOS/ ANUAIS
1			Pai		
2			Nai		
3			Fillo/a		
4			Fillo/a		
5			Fillo/a		
6					
Total ingresos mensuais da unidade familiar					
Total membros da unidade familiar		Renda per capita mensual da UF			

2.- DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN DE NECESIDADE :**3.- AVALIACIÓN DA TIPOLOXIA FAMILIAR:**

CONCEPTO	PUNTAJACIÓN DE REFERENCIA	PUNTAJACIÓN ACADADA
<input type="checkbox"/> Familia extensa	1 punto	
<input type="checkbox"/> Familia nuclear	2 puntos	
<input type="checkbox"/> Familia monoparental	3 puntos	
TOTAL PUNTAJACIÓN (máximo 3 puntos)		

4.- AVALIACIÓN DA SITUACIÓN SOCIO- FAMILIAR:

CONCEPTO	PUNTAJACIÓN DE REFERENCIA	PUNTAJACIÓN ACADADA
<input type="checkbox"/> Familia desestructurada	1 punto	
<input type="checkbox"/> Existencia dalgún membro con discapacidade (física, psíquica ou sensorial) debidamente acreditada	1 punto	
<input type="checkbox"/> Existencia dalgún membro da unidade familiar con problemas de adición (alcohol, drogas, e/ou outras adicións):	1 punto	
<input type="checkbox"/> Existencia dalgún membro da unidade familiar con enfermidade grave	1 punto	
<input type="checkbox"/> Ausencia do fogar de ámbolos dous membros parenterais	1 punto	
TOTAL PUNTAJACIÓN (máximo 5 puntos)		

5.- AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA FAMILIAR.-

Tendo en conta o número de membros, os ingresos da unidade familiar e a renda per capita resultante, segundo o sinalado no punto 1 do presente informe, a avaliación da situación económica é a seguinte :

CONCEPTO (RPC MENUSAL DA UNIDADE FAMILIAR)	PUNTAJACIÓN DE REFERENCIA	PUNTAJACIÓN ACADADA
<input type="checkbox"/> RPC inferior ó 50% do SMI (000,00 € - 285,30 €)	3 puntos	
<input type="checkbox"/> RPC entre ó 50% e o 75% do SMI (285,31 € - 427,95 €)	2 puntos	
<input type="checkbox"/> RPC entre ó 75% e o 100% do SMI (428,96 € - 570,60 €)	1 punto	
<input type="checkbox"/> RPC entre ó 100% e o 125% do SMI (570,61 € - 713,25 €)	- 1 punto	
<input type="checkbox"/> RPC entre ó 125% e inferior o 150 % do SMI (713,26 € - 855,90 €)	- 2 puntos	
<input type="checkbox"/> RPC superior ó 150% do SMI (855,91 € en adiante)	-3 puntos	
TOTAL PUNTAJACIÓN (máximo 3 puntos)		

6.- AVALIACIÓN DA SITUACIÓN DA VIVENDA.-

Tendo en conta a tipoloxía da vivenda e as condicións da mesma, a avaliación e a seguinte:

CONCEPTO	PUNTAJACIÓN DE REFERENCIA	PUNTAJACIÓN ACADADA
<input type="checkbox"/> Vivenda en propiedade pagada:	0 punto	
<input type="checkbox"/> Vivenda en propiedade pagándose	1 puntos	
<input type="checkbox"/> Vivenda en alugueiro	2 puntos	
<input type="checkbox"/> Vivenda en precario	3 puntos	
TOTAL PUNTAJACIÓN (máximo 3 puntos)		

7.- AVALIACIÓN DA SITUACIÓN DE RISCO E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL.-

CONCEPTO	PUNTAJACIÓN DE REFERENCIA	PUNTAJACIÓN ACADADA
<input type="checkbox"/> Situacións de desatención dos fillos menores por parte dos proxenitores ou representantes legais	2 puntos	
<input type="checkbox"/> Problemas conductuais nos menores que integran a unidade familiar	2 puntos	
<input type="checkbox"/> Situacións carenciais que afecten aos adultos integrantes da unidade familiar	2 puntos	
<input type="checkbox"/> Problemas de conducta desadaptada que afecten aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar	2 puntos	
<input type="checkbox"/> Situacións de violencia domestica	2 puntos	
<input type="checkbox"/> Familias que algún dos membros da unidade familiar esta en situación de desemprego	2 puntos	
<input type="checkbox"/> Outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores	2 puntos	
TOTAL PUNTAJACIÓN (máximo 14 puntos)		

8.- AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE INTERVENCIÓN SOCIAL.-

CONCEPTO	PUNTAJACIÓN DE REFERENCIA	PUNTAJACIÓN ACADADA
1. Familias incluídas no Programa de Apoio Familias	3 puntos	
2. Familias incluídas no Programa de Promoción da Poboación Xitana	3 puntos	
3. Familias Beneficiarias da RISGA.	3 puntos	
4. Familias que algún dos seus membros son usuario dos Programas de Inclusión Social: 2 puntos	3 puntos	
5. Familias que algún dos seus membros son usuarios dos Programas de Maiores para a atención e/ou prevención da dependencia	3 puntos	
TOTAL PUNTAJACIÓN (máximo 15 puntos)		

9.- OUTROS DATOS DE INTERESE RELACIONADOS COA NECESIDADE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL.- (Puntuación máxima 10 puntos)

Tendo en conta o exposto, a puntuación acadada por este concepto é de _____ puntos.

10.- AVALIACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL.-

Ao abeiro dos criterios de baremación das axudas de emerxencia social, segundo o establecido na Ordenanza Municipal Reguladora do procedemento de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social, a baremación e avaliación que se fai do expediente de referencia, é a seguinte:

- En relación á tramitación do expediente :
 - Reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases.
 - Ten aportada a documentación requirida
 - Non aportada a documentación esixida
 - Existe ocultación de datos
 - Non concorrencia do declarado na solicitude cos datos comprobados.
- No proceso de baremación do expediente de solicitude de axuda de emerxencia social, a puntuación acadada foi de _____ puntos
- Que existe unha situación de emerxencia social que precisa da axuda solicitada para a súa resolución

Tendo en conta a avaliación da situación de necesidade estimada e reflectida no presente informe, a orientación profesional que se fai para a resolución do expediente é a seguinte:

- En relación a axuda solicitada procede:
 - Conceder unha axuda de emerxencia social ó abeiro da devandita Ordenanza
 - Denegar a solicitude en base ao reflectido neste informe.
- A contía a conceder sería de _____ €
- O procedemento a seguir, segundo a necesidade estimada, será o seguinte :
 - Ordinario.
 - Urxente
- Para a xustificación do gasto o procedemento será o seguinte:
 - acreditarase polas facturas dos pagos e gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentariamente establecidos
 - mediante outros documentos de valor probatoria equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil o con eficacia administrativa.
 - mediante calquera medio admisible en dereito, que neste caso será _____

E para que así conste aos efectos do disposto na Ordenanza Municipal Reguladora do procedemento de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social, e para unir ao expediente de referencia de solicitude de axudas de emerxencia social, asino o presente informe, en Pontevedra a de _____ de dous mil _____

A Traballadora Social da UTS

ANEXO VI : RESOLUCIÓN RECAÍDA PROCEDEMENTO DE URXENCIA

A/O concelleiro/a delegada/o da Área de Benestar Social RESOLVEU o seu expediente de solicitude de axuda de emerxencia social segundo o sinalado cunha **X** e nas condicións e motivos que se sinalan:

- APROBAR unha axuda na contía de _____ € en concepto de emerxencia social coa finalidade e requisitos seguintes:

Finalidade:

Forma de pagamento:

No prazo de 15 días inmediatamente despois de recibir a axuda deberá presentarlle ao/á traballador/a social que lle corresponda, os xustificantes de que o destino dado á axuda corresponde coa finalidade para a que foi concedida (facturas ou outros).

- DENEGAR a axuda solicitada polos motivos que se sinalan:

Así o dispuxo e ordenou o/a concelleiro/a delegado/a da Área de Benestar Social, pola delegación da Xunta de Goberno Local de data _____, en Pontevedra, o _____ de _____ de dous mil_____, ante o Secretario da Administración Municipal que dá fe do presente acto.

A concelleiro/a delegado/a da Área de Benestar Social

O/A Secretario/a da Administración Municipal,

ANEXO VII: RESOLUCIÓN RECAÍDA PROCEDEMENTO ORDINARIO

Despois de que a Comisión da Avaliación das axudas de emerxencia social estudase a súa solicitude, a/o concelleiro/a delegada/o da Área de Benestar Social, **resolve** o seu expediente de solicitude de axuda, segundo o sinalado cun **X**, nas condicións e polos motivos que se sinalan:

- APROBAR unha axuda na contía de _____ € en concepto de emerxencia social coa finalidade e requisitos seguintes:

Finalidade:

Forma de pagamento: unha vez xustificada a axuda

No prazo máximo de tres meses dende a notificación da presente resolución, deberá presentar ao/á traballador/a social que lle corresponda, os xustificantes de que o destino dado á axuda corresponde coa finalidade para a que foi concedida (facturas ou outros). No suposto que a axuda fose concedida para obras de adecuación da vivenda, o prazo poderá ampliarse outros tres meses máis como máximo.

- DENEGAR a axuda solicitada polos motivos que se sinalan:

Así o dispuxo e ordenou o/a concelleiro/a delegado/a da Área de Benestar Social, pola delegación da Xunta de Goberno Local de data _____, en Pontevedra, o dezasete de febreiro de dous mil sete, ante o Secretario da Administración Municipal que dá fe do presente acto.

O/A concelleiro/a delegado/a da Área de Benestar Social

Secretario/a da Administración Municipal,

en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro e transcorrido o prazo de quince días previsto nos artigos 70.2 e 65.2 na lei de Bases de Réxime Local.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno e das súas Comisións.

Pontevedra, 03.11.2008.—O Secretario Xeral do Pleno, José Luís Mato Rodríguez.

2008012439

• • •

BAIONA**A N U N C I O**

Notifícase a don Herbert Beckert, con documento número 4086086547D da cal o último enderezo coñecido é Ctra. Rocamar 41, Baredo-Baiona, e que estase a tramitar nas dependencias municipais a baixa de oficio do Padrón Municipal de Habitantes por non residir xa neste Concello.

O que se lle notifica mediante a súa publicación no “Boletín Oficial” da Provincia e no taboleiro deste Excmo. Concello, ó abeiro do disposto no artigo 59.4 la Lei 30/92, de 26 de novembro, significándolle ó interesado que dispón de quince días para aportar cantas alegacións, documentos ou informacións estime pertinentes, en caso contrario procederáse a súa baixa de oficio no padrón deste municipio.

Baiona, 26 de novembro de 2008.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña. 2008012308

A N U N C I O

Notifícase a don Armando Bouzada Iglesias, con documento número 76.988.926-Z da cal o último enderezo coñecido é Bº Urgal 29, Belesar-Baiona, e que estase a tramitar nas dependencias municipais a baixa de oficio do Padrón Municipal de Habitantes por non residir xa neste Concello.

O que se lle notifica mediante a súa publicación no “Boletín Oficial” da Provincia e no taboleiro deste Excmo. Concello, ó abeiro do disposto no artigo 59.4 la Lei 30/92, de 26 de novembro, significándolle ó interesado que dispón de quince días para aportar cantas alegacións, documentos ou informacións estime pertinentes, en caso contrario procederáse a súa baixa de oficio no padrón deste municipio.

Baiona, 26 de novembro de 2008.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña. 2008012309

BUEU**A N U N C I O***Delegación de funcións***RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

De confonnidade co disposto nos artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e 43.3, 43.4 e 47 do ROF, aprobado polo RD 2568/1986, do 28 de novembro.

A vista de que a media mañá do día 20 de novembro de 2008 me ausentarei do Concello por asistir a unha reunión institucional a Santiago de Compostela, no uso das atribucións que me confiren os citados artigos, e para non deixar desatendidas as necesidades da Administración municipal,

RESOLVO:

Primeiro.—Delegar no Primeiro Tenente de Alcalde, don Martín Villanueva Pastoriza, o cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Bueu a tódolos efectos legais, a partires das 11.00 h do día 20 de novembro de 2008.

Segundo.—Notifíquese esta resolución ó interesado, publíquese no “Boletín Oficial” da Provincia e dese conta ó Concello Pleno na primeira sesión plenaria que se celebre.

En Bueu, a 19 de novembro de 2008.—O Alcalde-Presidente, Félix Juncal Novas.—Dou fe, A Secretaria, Paula Riádigos Iglesias. 2008012314

• • •